



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique que palabra sobra na seguinte serie de sinónimos: rubio–vermello–encarnado–marelo

- A) Rubio
- B) Vermello
- C) Encarnado
- D) Marelo

2. Unha faísca é:

- A) Unha herba aromática
- B) Unha chispa pequena
- C) Unha árbore
- D) Unha bolboreta

3. Así lle chamamos ao día que precede inmediatamente a outro, en especial o que precede unha data sinalada:

- A) Víspera
- B) Véspera
- C) Anteonte
- D) Mañán

4. Indique cal das seguintes non se corresponde co significado correcto da palabra "botar":

- A) Facer chegar unha cousa a un sitio mediante un impulso
- B) Recipiente feito coa pel dun animal, xeralmente dunha cabra, que serve para conter líquidos, fariña, etc.
- C) Ofrecer ao público
- D) Obrigar a marchar dun lugar

5. Sinale cal das seguintes palabras figura mal escrita:

- A) Mobilidade
- B) Marabilla
- C) Barrer
- D) Avogado

6. Indique o antónimo da palabra "fácil" na frase: "Non é fácil saír de aquí"

- A) Difícil
- B) Sinxelo
- C) Sencillo
- D) Doado

7. Sinale cal dos seguintes xentilicios non é correcto:

- A) Castelán/Castelá
- B) Dezao/Dezá
- C) Ullán/Ullana
- D) Italiano/Italiana

8. Cal das seguintes propostas é a correcta?

- A) Cando te oín falar, xa che abrín a porta
- B) Cando che oín falar, xa che abrín a porta
- C) Cando oínche falar, xa che abrinche a porta
- D) Cando te oín falar, xa te abrín a porta

9. Indique a forma correcta de escribir o número cardinal 22:

- A) Vinte e dous
- B) Vintedous
- C) Veintidous
- D) Vinte dous

10. Indique cal é o significado correcto da palabra "baleiro":

- A) Algo que está cheo
- B) Das Illas Baleares ou dos seus habitantes
- C) Que non contén nada
- D) Barco dedicado á captura de baleas

Preguntas de reserva

1. Cal das seguintes palabras non é sinónimo de "presa"?

- A) Encalco
- B) Encoro
- C) Apuro
- D) Represa

2. Indique cal das seguintes é unha asociación de masculino–feminino errada:

- A) Irmán–Irmá
- B) Xenro–Nora
- C) Can–Cadela
- D) Campión–Campiona